

Agarimo



A FESTA DE TODA A NOSA CULTURA

Autoría de Xulio Gil.

Día das Letras Galegas

Este ano facemos protagonista da
festa que el mesmo impulsou a
**FRANCISCO FERNÁNDEZ
DEL RIEGO**



Ruliña



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

LETRAS GALEGAS 2023

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	6
--------------------	---

PROXECTOS EXPOSITIVOS	8
-----------------------------	---

1. COS OLLOS DO ESPÍRITO, FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	8
2. CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2023	8
3. MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA	8

INICIATIVAS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL E OUTRAS ACTIVIDADES	10
--	----

1. IX CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS	10
2. LINGUA DE NAMORAR 2023	10
3. CAMPAÑA O TREN QUE ME LEVA. RENFE VIAXEIROS COAS LETRAS GALEGAS 2023	11
4. INICIATIVAS DA MESA COORDINADORA D. PACO E DO CONCELLO DE LOURENZÁ	11
5. ACCIÓNS DE GADISA COAS LETRAS GALEGAS 2023	12
6. AGASALLOS E DIFUSIÓN DE VEGALSA-EROSKI COAS LETRAS GALEGAS 2023	13
7. CAMPAÑA FEIRACO	13
8. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO: RELECTURAS	13
9. OBRADOIRO FAMILIAR: ESPAZOS E LUGARES	14
10. PROGRAMACIÓN NOS ESPAZOS XOVES	14
11. GALA PREMIO FOLLAS NOVAS	14
12. XI CELEBRACIÓN DA AUGA, A ÁRBORE E A POESÍA DA FUNDACIÓN INSUA DOS POETAS	15
13. PROXECTO AUDIOVISUAL SOBRE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	15

PUBLICACIÓNS	16
--------------------	----

1. XLVI EDICIÓN DE CADERNOS DE RAMÓN PIÑEIRO. ESTUDOS ARREDOR DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	16
2. PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA	16
3. PUBLICACIÓN DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA	17
4. EDITORIAL GALAXIA	17
5. EDITORIAL XERAIS	19
6. BOLANDA EDICIÓNS	21
7. EDITORIAL IR INDO	21

8. HÉRCULES DE EDICIÓNS	23
9. MEMORIA DOCUMENTAL DE GALICIA.....	23
10. REEDICIÓN DE LUME ACESO.....	23
11. FOLLETO FOTOBIOGRÁFICO LETRAS GALEGAS 2023.....	23

PROGRAMACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO 24

1. ACTIVIDADES DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)	24
2. V CONCURSO DE PODCASTS RADIO NA BIBLIO.....	25
3. V CERTAME DE PODCASTS EN GALEGO XOSÉ MOSQUERA PÉREZ	26
4. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO: LECTURA COMPARTIDA ENTRE CENTROS ESCOLARES.....	26

PROGRAMACIÓN ACADÉMICA27

1. SESIÓN PLENARIA DA REAL ACADEMIA GALEGA	27
2. SIMPOSIO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	27
3. ACTO LITERARIO EN VIGO	27
4. MESA REDONDA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA: DON PACO E O MUNDO DAS ARTES EN VIGO.....	27
5. MESA REDONDA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA: FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E A GALICIA EMIGRANTE.....	28
6. IX EDICIÓN DA XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	28
7. ACADEMIA.GAL	28
8. SECCIÓN WEB DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA SOBRE AS LETRAS GALEGAS 2023.....	30

PROGRAMACIÓN DA CORPORACIÓN DA RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA (CRTVG).....31

PROGRAMACIÓN DOS CENTROS CULTURAIS DA XUNTA DE GALICIA 34

MÚSICA..... 36

1. CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS	36
2. 41º EDICIÓN DO FESTILETRAS	36
3. MEMORIAL DEPORTIVO-MUSICAL	36

PROGRAMACIÓN EXTERIOR37

1. AS LETRAS GALEGAS NO MUNDO.....	37
2. PROGRAMACIÓN NOS CENTROS DE REFERENCIA DA COLECTIVIDADE GALEGA NO EXTERIOR	40

INTRODUCCIÓN

O **17 de maio** é a festa da lingua galega, unha celebración institucionalizada en 1963 pola Real Academia Galega (RAG) para honrar un autor ou autora polo seu labor de defensa e promoción do idioma e da cultura de noso. Unha efeméride que foi acadando nos últimos anos grande amplitude, proxección e participación cidadá ata converterse nunha das citas máis importantes do calendario cultural galego, con importante atención e implicación desde os diferentes ámbitos sociais (administracións, institucións, entidades, empresas...).

As Letras Galegas tamén están de celebración, posto que cumpren 60 anos (1963-2023). Comezou esta conmemoración o 17 de maio do 1963, coincidindo co centenario da primeira edición da obra *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro.



Ata 2022, ano dedicado a Florencio Delgado, 62 autores (5 mulleres e 57 homes) foron homenaxeados nos 60 anos do Día das Letras Galegas, posto que 1998 foi o único ano no que houbo unha homenaxe colectiva (en concreto, a tres trobadores ligados á ría de Vigo).

Para 2023, a RAG, na súa sesión plenaria do día 9 de xullo de 2022, tomou o acordo de lle render tributo e dedicarlle o Día das Letras Galegas a Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010). Foi unha das personalidades de referencia na historia do galeguismo e da cultura galega do século XX. Fundador, entre outros, da Editorial Galaxia, da que chegou a ser director xerente, compartiu tamén a dirección da revista *Grial* co intelectual Ramón Piñeiro durante os seus primeiros 100 números, presidiu a Real Academia Galega entre 1997 e 2001 e dirixiu a Fundación Penzol desde a súa fundación ata 2009.

Ensaísta e narrador, é autor dunha extensa obra centrada na cultura e na literatura galegas, da que forman parte títulos como *Escolma de poesía galega: os contemporáneos* (1955), *Manual de historia da literatura galega* (1971), *O cego de Pumardedón* ou *Xeración Galaxia* (1996).



Cunqueiro, Fernández del Riego e Carballo Calero en Compostela

Cortesía de Editorial Galaxia

A Xunta de Galicia, a través das consellerías de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e de Política Social e Xuventude e, da Secretaría Xeral da Emigración, en colaboración coa Real Academia Galega (RAG), co Consello da Cultura Galega (CCG), coa Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG), co Concello de Lourenzá e coa Mesa Coordinadora D. Paco, coas editoriais Xerais, Bolanda, Ir Indo e Galaxia, coas empresas Renfe Viajeros, Gadis, Vegalsa-Eroski, Feiraco e Xurdir, entre outras, impulsa unha programación institucional conxunta para renderlle tributo, para dar a coñecer e poñer en valor a vida, a figura e a obra de Francisco Fernández del Riego por todo o territorio de Galicia e no exterior, co obxectivo de facer partícipe da celebración das Letras Galegas a toda a cidadanía galega.

A Xunta de Galicia, como vén sendo habitual, celebrará un acto institucional conmemorativo das Letras Galegas 2023 o propio 17 de maio, nesta ocasión na localidade de Lourenzá, para renderlle tributo a Francisco Fernández del Riego e festexar o día da nosa lingua.

PROXECTOS EXPOSITIVOS

1. COS OLLOS DO ESPÍRITO, FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Esta exposición itinerante de carácter informativo e didáctico serve para dar a coñecer a relevante figura de Francisco Fernández del Riego. Repasa a traxectoria vital e biográfica do homenaxeado para comprender quen foi, que nos deixou e que implica a súa figura no proceso de consolidación do galego e da súa cultura nos tempos recentes, e tamén, ao coincidir co 60º aniversario das Letras Galegas (1963-2023), de quen foi un dos seus principais promotores.

Inclúe 14 paneis explicativos e un documental biográfico con entrevistas a personalidades directamente vinculadas co autor.

 Data de inauguración: **maio de 2023**

 Lugar: **Lourenzá, Santiago de Compostela e Vigo**

Colaboran a Editorial Galaxia e a Fundación Penzol.

2. CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2023

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca cada ano un concurso dirixido aos centros de ensino público non universitario que desexen elaborar unha exposición sobre a obra, época e lingua do autor homenaxeado o 17 de maio, así como sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que viviu. As mostras gañadoras, que este 2023 deberán centrarse en Francisco Fernández del Riego, poderán descargarse de balde desde o Portal da Lingua Galega.

3. MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

- » A **Biblioteca Pública Miguel González Garcés da Coruña** lembrará a figura do homenaxeado cunha mostra bibliográfica da súa obra, «Francisco Fernández del Riego: dinamizador da cultura galega». Estará exposta do 12 ao 31 de maio de 2023.

- » A **Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela** organiza unha mostra bibliográfica «Os camiños galegos na andadura de Fernández del Riego», que reúne unha selección de obras que posúe a biblioteca sobre o autor homenaxeado. Tamén programa outra mostra bibliográfica infantil que reúne libros infantís sobre a celebración do Día das Letras Galegas e os autores e autoras aos que se homenaxeou ao longo da historia deste día. Ambas as mostras poden visitarse do 2 ao 31 de maio de 2023.
- » A **Biblioteca Pública Juan Compañel de Vigo** acolle a mostra biobibliográfica «Os alicerces dunha industria cultural galega: Fernández del Riego e Vigo», que reúne información sobre o homenaxeado e a súa relación coa cidade de Vigo, desde onde moveu os fíos que teceron a cultura galega da segunda metade do século XX en diante. Estará exposta do 15 de maio ao 17 de xuño de 2023.
- » A **Biblioteca Pública Antonio Odriozola de Pontevedra** organiza a mostra bibliográfica «Compromiso firme coa lingua e a cultura galega» sobre a vida e a obra del Riego. Poderá verse do 12 ao 26 de maio de 2023.
- » A **Biblioteca Pública Nós de Ourense** programa a mostra biobibliográfica «Francisco Fernández del Riego, editor e galeguista», composta por obras relacionadas co autor e un percorrido pola súa biografía, do 15 de maio ao 17 de xuño. A maiores, realiza unha mostra bibliográfica, «Unha galaxia de libros», composta por obras publicadas pola Editorial Galaxia para o público infantil, que poderá verse do 15 de maio ao 3 de xuño de 2023.
- » A **Biblioteca de Galicia na Cidade da Cultura** prepara unha mostra bibliográfica para homenaxear a figura á que se lle dedica o Día das Letras Galegas con recursos procedentes das coleccións propias da Biblioteca de Galicia. Estará exposta entre maio e setembro de 2023.

INICIATIVAS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL E OUTRAS ACTIVIDADES

1. IX CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades colabora con Xurdir nesta iniciativa que vencella a celebración das Letras Galegas co Camiño de Santiago e co deporte. Faino por medio da xa consolidada carreira popular que o 17 de maio percorre o treito do Camiño de Santiago que une o Pico Sacro coa Cidade da Cultura de Galicia. Terá dúas versións: a de 15 km, desde as proximidades do Pico Sacro, ao longo da Ruta da Prata ou Camiño do Sueste, ata a Cidade da Cultura; e a de 5 km, na contorna da Cidade da Cultura cun circuíto polo Gaiás e o Bosque de Galicia.

Ao remate das probas os participantes recibirán un libro e un diploma.

 Data de inauguración: **17 de maio de 2023**

 Lugar: **treito do Camiño de Santiago que une o Pico Sacro coa Cidade da Cultura de Galicia**

Colaboran Xurdir, os concellos de Boqueixón e Santiago de Compostela, a Federación Galega de Atletismo e a Real Federación Española de Atletismo, entre outros.

2. LINGUA DE NAMORAR 2023

Concurso en liña de mensaxes de amor en galego convocado pola Consellería de Política Social e Xuventude e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, respectivamente.

O certame está dirixido á mocidade con idades comprendidas entre os 14 e os 35 anos, con tres categorías: categoría A (de 14 a 35 anos), categoría B (de 20 a 35 anos), categoría C (de 14 a 35 anos, exclusiva para Instagram).



Os seus obxectivos son dinamizar o uso da lingua galega entre a mocidade nas relacións interpersoais e nas novas tecnoloxías, especialmente en Internet e na mensaxería instantánea, e mais incrementar a percepción do galego como unha lingua que é útil para os momentos de lecer e de diversión.

Establécense tres premios por cada unha das categorías de idade.

Os nomes das persoas gañadoras e finalistas nas tres categorías publicaranse tanto na páxina do concurso (xuventude.xunta.es/linguadenamorar) como nos perfís de Instagram @xuventudegalicia e @linguagalega

 Datas: **abril a maio de 2023**

 Información: <https://xuventude.xunta.es/linguadenamorar> e Instagram de @xuventudegalicia

3. CAMPAÑA O TREN QUE ME LEVA. RENFE VIAXEIROS COAS LETRAS GALEGAS 2023

A Xunta de Galicia, Renfe Viajeros e ADIF poñen en marcha unha campaña que busca incrementar a visibilidade da celebración das Letras Galegas.

Por sétimo ano e ao longo do mes de maio, 11 trens de alta velocidade dos corredores A Coruña-Vigo e A Coruña-Ourense levarán nos repousacabezas a imaxe institucional do Día das Letras Galegas 2023 e nas estacións de tren das cidades da Comunidade Autónoma de Galicia expoñeranse os carteis gañadores do Concurso-Exposición das Letras Galegas organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Estes carteis tamén se poderán ver, en tamaño reducido, no interior dalgúns vagóns.

4. INICIATIVAS DA MESA COORDINADORA D. PACO E DO CONCELLO DE LOURENZÁ

A Mesa Coordinadora D. Paco e o Concello de Lourenzá deseñaron unha programación variada co motivo das Letras Galegas 2023, dedicadas a Francisco Fernández del Riego.

» Repartíronlle un **calendario biográfico** á veciñanza de Lourenzá.

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Letras Galegas 2023

- » A partir de febreiro e durante todo o ano 2023, organizan **visitas guiadas** en Vilanova de Lourenzán dedicadas a Francisco Fernández del Riego. Durarán aproximadamente dúas horas, terán como centro de interese a figura do homenaxeado e desfrutarán de espazos e recursos relacionados coa súa vida e obra. Colabora a Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa.
- » Durante todo o ano e en Vilanova de Lourenzán, o concello, en colaboración coa Mesa Coordinadora D. Paco, ofrece unha **ruta cultural literaria**, co gallo do 110º aniversario do seu nacemento, que percorre 2,7 quilómetros daqueles espazos onde transcorreu a infancia, adolescencia e primeira xuventude do homenaxeado. Ten unha duración aproximada de dúas horas.
- » No mes de abril, programan unha **conferencia e mesa redonda** sobre a figura do homenaxeado en Lourenzán.
- » Tamén preparan unha **lectura dramatizada e escenificada** para conmemorar o 92º aniversario da lectura que, desde o balcón do Concello de Lourenzán, fixo D. Paco dun manifesto para celebrar o Día de Galicia do ano 1931 e que el sempre considerou o primeiro acto público que realizou en defensa da identidade de Galicia. Está prevista para o 25 de xullo en Vilanova de Lourenzán.
- » En outubro en Vilanova de Lourenzán, recrearán a **lectura do discurso** que Francisco Fernández del Riego leu na apertura do curso académico 1933-1934 como representante do alumnado da Universidade de Santiago de Compostela.
- » Así mesmo, programan unha **representación teatral** sobre a figura do homenaxeado, con guión de Manuel Ayán, en Lourenzán e outros lugares.
- » Teñen previsto organizar unha **visita ao Museo Francisco Fernández del Riego e Pinacoteca en Vigo** para ver a exposición «Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega». Está destinada á veciñanza de Lourenzán.

5. ACCIÓNS DE GADISA COAS LETRAS GALEGAS 2023

Na semana das Letras Galegas, os supermercados Gadis de Galicia agasallarán a súa clientela, a través dunha campaña que visibilice o talento artístico galego, cunha forma literaria cun grande auxe na actualidade en Galicia. Regalaranse 30.000 exemplares nos supermercados Gadis por calquera compra.

Tamén se realizará unha tirada de marcapáxinas e bolsas de papel conmemorativas do 17 de maio, que se agasallarán por calquera compra, para sumarse á celebración das Letras Galegas e apoiar o labor editorial.

6. AGASALLOS E DIFUSIÓN DE VEGALSA-EROSKI COAS LETRAS GALEGAS 2023

A cadea galega de distribución alimentaria Vegalsa-Eroski e a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolven un ano máis a campaña Letras Galegas Vegalsa-Eroski para promover a celebración do 17 de maio nos seus establecementos comerciais a través do acto de presentación de carteis e bolsas da compra conmemorativas para homenaxear a Francisco Fernández del Riego.

7. CAMPAÑA FEIRACO

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e Feiraco colaboran para festexar o 17 de maio, coa edición especial de cartóns de leite coa imaxe de Francisco Fernández del Riego, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2023. Esta iniciativa, que serve para difundir a dita celebración e a obra dos distintos creadores recordados, exemplifica a aposta de Feiraco polo idioma, a cultura e o patrimonio galegos en todos os seus ámbitos de actuación.

A maiores, estanse a programar outras accións para celebrar as Letras Galegas 2023, como un concurso de microrrelatos entre todos os colexios galegos e a comunicación publicitaria en exterior.

8. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO: RELECTURAS

A Cidade da Cultura súmase, como cada 17 de maio, á celebración das Letras Galegas, este ano dedicadas a Francisco Fernández del Riego, figura que tamén ten a súa homenaxe e festexo neste gran día no Gaiás para pór en valor a súa actividade, a través dunha lectura participativa dunha escolma de textos que sexan significativos da obra literaria da figura homenaxeada.

 Datas de gravación: **6 e 13 de maio de 2023**

 Lugar: **diferentes espazos da Cidade da Cultura**

 Data emisión do vídeo final: **17 de maio de 2023**

9. OBRADOIRO FAMILIAR: ESPAZOS E LUGARES

A Cidade da Cultura programa un obradoiro dirixido ao público familiar seguindo a liña de traballo xa aberta polo programa Experimentia. Nesta ocasión, trata de relacionar os textos sobre os espazos/lugares e paisaxes do libro *A pegada das viaxes* de Fernández del Riego coa representación que poidan facer os nenos e nenas dos seus espazos coñecidos, co obxectivo de construír o seu propio caderno de viaxe.

 Datas: **13 de maio de 2023**

 Lugar: **Museo Centro Gaiás**

10. PROGRAMACIÓN NOS ESPAZOS XOVES

Xornadas formativas e lúdicas organizadas pola Consellería de Política Social e Xuventude coa participación dos Espazos Xove.

Inclúe actividades formativas (obradoiros, exposicións, charlas...) e actividades lúdicas abertas a toda a mocidade, nas que de xeito transversal se tocará a conmemoración das Letras Galegas.

 Datas: **abril a maio de 2023**

 Lugar: **12 espazos xove dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude**

11. GALA DOS PREMIOS FOLLAS NOVAS

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editoras (AGE) e a Federación de Librarías de Galicia, co apoio da Xunta de Galicia, organizan a **Gala dos Premios Follas Novas**.

É unha iniciativa que recoñece a excelencia das mellores obras literarias publicadas en galego ao longo de cada ano.

 Datas: **22 de maio de 2023**

 Lugar: **Santiago de Compostela. Teatro Principal**

12. XI CELEBRACIÓN DA AUGA, A ÁRBORE E A POESÍA DA FUNDACIÓN INSUA DOS POETAS

A Fundación Insua dos Poetas, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coa Deputación de Ourense e co Concello do Carballiño, organiza a **XI Celebración da Auga, a Árbore e a Poesía**, na que tivo un especial protagonismo Francisco Fernández del Riego.

 Datas: **21 de marzo de 2023**

 Lugar: **O Carballiño (Esqueva, Madarnás)**

13. PROXECTO AUDIOVISUAL SOBRE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Elaboración dun audiovisual sobre Francisco Fernández del Riego por Amarola Producións, dirixido aos máis novos. Expón un proxecto no que se empregarán técnicas propias das redes sociais e linguaxe habitual da mocidade.

PUBLICACIÓNS

1. XLVI EDICIÓN DE CADERNOS DE RAMÓN PIÑEIRO. ESTUDOS ARREDOR DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

O XLVI volume desta publicación trata de recompilar diversos traballos redactados por estudosos e expertos na vida e na obra de Francisco Fernández del Riego para publicalos nun único volume dentro da colección Cadernos Ramón Piñeiro. Deste libro farase unha presentación pública para favorecer a súa difusión e poderá adquirirse na libraría institucional da Xunta de Galicia, así como no resto das librarías.

 Data prevista de presentación: **decembro de 2023**

2. PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

Un país e unha cultura: a idea de Galicia nos nosos escritores

Discurso lido no acto da súa recepción como académico de número por Francisco Fernández del Riego e resposta do membro de número Ricardo Carballo Calero.

 Data de publicación: **maio de 2023**

Boletín da Real Academia Galega

Volume dedicado na súa parte monográfica a Francisco Fernández del Riego que recollerá as alocucións académicas do 17 de maio e os relatorios do simposio que se levará a cabo no mes de novembro na súa honra.

 Data de publicación: **segundo semestre de 2023**

Epistolario entre Francisco Fernández del Riego e Otero Pedrayo

Título provisional do epistolario entre Francisco Fernández del Riego e Otero Pedrayo. Edición ao coidado de Patricia Arias Chachero.

 Data de publicación: **segundo semestre de 2023**

3. PUBLICACIÓN DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Edición conmemorativa Día das Letras *Na espera de amigo*


Edición da obra de Fernández del Riego *Na espera de amigo*, cunha ilustración de Laxeiro. Edición facsimilar desta obra, publicada en Vigo por Edicións Aguatinta (1994), con estudos introdutorios de Xosé López González, Carlos López Bernárdez e Beatriz Liz de Cea.

4. EDITORIAL GALAXIA

A Editorial Galaxia publicou diversas obras sobre Francisco Fernández del Riego e conta con facer máis publicacións ao longo do ano.


Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia de Malores Villanueva (publicado)

Malores Villanueva achega nesta biografía, froito de horas de conversas, a vida e a obra de Francisco Fernández del Riego. Nacionalista de corazón e de razón, mantivo unha traxectoria firme, sen traizoar nunca os seus ideais. Membro do Partido Galeguista e do Seminario de Estudos Galegos, activista universitario, fundador de Editorial Galaxia, codirector da revista *Grial*, director da Fundación Penzol, presidente da Real Academia Galega, tradutor, editor e articulista incansable, son algunhas das innumerables facetas de quen se definía como «un optimista radical».



Lourenzá, de Francisco Fernández del Riego (publicado)

Vivencias do autor. *Lourenzá* é «unha historia rememorativa» onde Francisco Fernández del Riego conta «o que teño aprendido sobre o pasado da vila na que nacín e me criei. Vivencias dos días alí decorridos. Impresións sobre a paisaxe, o ambiente



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Letras Galegas 2023

do lugar. Un algo tamén do que coñecín en localidades veciñas», que a memoria revivía, nestas e noutras lembranzas, mentres unha voz amiga «soaba en min: “Di comigo Lourenzá e ollarás como algo rosa e branco se abala sobre a verde terra”».

Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego. 1949-1961 de Álvaro Cunqueiro



Cunqueiro e Fernández del Riego, ambos das terras altas da provincia de Lugo, coñecéronse moi novos, nos anos de bacharelato, e fixeron xuntos o camiño todo da vida. En 1949 Cunqueiro volve a Mondoñedo, logo dunha fracasada experiencia en Madrid. A Guerra Civil separará temporalmente os dous amigos. Cunqueiro no bando dos chamados nacionais. Del Riego, en Vigo, logo de ser represaliado na universidade. Un Cunqueiro deprimido, arredado de case todo, recibe as cartas do seu amigo animándoo a seguir e, sobre todo, a non afastarse das letras galegas, que con tanto éxito ensaiara na poesía antes da Guerra Civil. A profesora Dolores Vilavedra, da Universidade de Santiago, preparou esta edición, cun ensaio coidadoso que enmarca a correspondencia no seu contexto, precedido dun limiar do propio Francisco Fernández del Riego.

Próximas publicacións

- » De Francisco Fernández del Riego – Biblioteca FDR
 - ***A xeración Galaxia***
 - ***Camiño andado***
 - ***O río do tempo***
 - ***Loitando pola Galicia que non foi***, editor Justo Beramendi
 - ***Diario de Guerra***, prólogo Lourenzo Fernández Prieto (inédito)
 - ***Memorias del París Literario***, prólogo Malores Villanueva (inédito)
- » ***Don Paco, o home que valía por mil***, de Antón Mascato e Pepe Carreiro, álbum ilustrado
- » ***Don Paco, letras para a arte galega***, de Beatriz Liz de Cea, fóra de colección
- » ***Compostela, póla florida***, de Francisco Fernández del Riego, editor Xesús Domínguez, Libros do Consorcio

5. EDITORIAL XERAIS

A Editorial Xerais conta coas seguintes publicacións:

Francisco Fernández del Riego, o legado silandeiro, de Héctor Cajaraville

Un libro sobre Francisco Fernández del Riego (1913-2010), principal dinamizador do galeguismo cultural tras o abrupto corte que supuxeron a Guerra Civil e a posguerra. Ademais de poñer en marcha todo tipo de proxectos encamiñados a recuperar a presenza do galego como lingua de cultura nunha sorte de «segundo rexurdimento», durante gran parte da súa longa vida foi o alicerce arredor do que se artellou o traballo conxunto entre os intelectuais do exilio, os que permaneceron no país tras a contenda e as novas xeracións de galeguistas que van xurdindo malia o difícil contexto da ditadura franquista.



Francisco Fernández del Riego, vida e obra dun obreiro do galeguismo, de Ramón Nicolás

Unha biografía divulgativa sobre Francisco Fernández del Riego, autor das Letras Galegas 2023. Un libro para entender que sucedeu no galeguismo e na cultura galega do século XX. A historia dunha persoa honesta e comprometida.



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Letras Galegas 2023

Conversas con Paco del Riego, de Perfecto Conde



Este libro é o resultado das conversas que durante máis de oito días mantiveron o veterano galeguista falecido en 2010 e o xornalista que «igual ca Philippe Marlow, leva con heterodoxia a súa condición de detective», en palabras de Manuel Rivas. Ofrece un verdadeiro testamento cultural e político do que pensaba e do que representou don Paco del Riego ao longo da súa vida, un testemuño onde ispe a súa alma e estrulla os miolos para transmitir todo o que sabía, pensaba e sentía sobre Galicia. Un libro sincero e auténtico, espontáneo, onde o entrevistado achega informacións históricas de gran valía e que de seguro resultarán de moito interese.

Galicia. Francisco Fernández del Riego. Letras Galegas 2023 (publicarase en marzo de 2023)



Francisco Fernández del Riego propón nesta obra unha ampla e vizosa viaxe organizada en doce itinerarios ou peregrinacións co fío argumental que lle brindan uns amigos bretóns que veñen visitar o noso país e reciben a hospitalidade e a clarividencia do seu anfitrión. *Galicia* sitúase na liña da vella tradición de Vicente Risco, de Ramón Otero Pedrayo, de Álvaro Cunqueiro ou de Xosé María Castroviejo, pero non esquece a memoria dos antigos viaxeiros ilustrados que nos visitaron (Borrow, Ford) e que deixaron por escrito as experiencias do seu camiñar pola nosa terra.

6. BOLANDA EDICIÓNS

Os Bolechas tamén se suman á celebración das Letras Galegas e, a través da colección *Letras Galegas*, ofrece ***Os Bolechas. Francisco Fernández del Riego***, do autor José Carreiro Monteiro.

7. EDITORIAL IR INDO

A Editorial Ir Indo dispón das seguintes publicacións:


Francisco Fernández del Riego. Galeguista de acción e cultura, de X. L. Franco Grande e Anxo X. Rajó Pazó

Biografía de Francisco Fernández del Riego, dentro da colección Galegos na Historia, na que xa se publicaron as biografías de Xela Arias e Florencio Delgado Gurriarán.



O cego de Pumardeón, de Francisco Fernández del Riego

A historia que conta Fernández del Riego podería situarse en calquera parroquia do noso país. Mauro, o protagonista, converxe en dous tempos —o pasado e o presente— dunha vida que ben pode ser a historia propia de tantos. A guerra, co seu transfondo de violencia múltiple, móstrase en toda a súa realidade de pegadas insuperables. Del Riego entrega esta obra de tensión creativa na que o escritor aparece con toda a súa sabedoría acumulada.



Uvas e granito (Unha viaxe por Galicia), de Nina Epton, traducido ao galego por Antonio e Francisco Fernández del Riego

É un libro de viaxes da escritora inglesa Nina Epton publicado en lingua inglesa por Cassell en 1956 co título orixinal de *Grapes and Granite*. Foi traducido ao galego por Antonio e Francisco Fernández del Riego e publicado no ano 1993, na colección Narrativa.



Blanco Amor. Emigrante e autodidacta. A súa vida literaria, de Francisco Fernández del Riego




A biografía e o perfil literario de Eduardo Blanco Amor aparecen nesta obra tratados desde a máis profunda das complicidades. Del Riego non é neutral, nin distante, na análise da vida e obra do ourensán. Implicado desde a amizade, debulla a intensa andaina do autor de *A Esmorga* coa convivencia do tempo compartido mesmo na distancia da emigración. O resultado é unha biografía que descobre as claves literarias, vitais e políticas do recreador das atmosferas aurienses.

Álvaro Cunqueiro, de Francisco Fernández del Riego



Definir a Álvaro Cunqueiro como un dos grandes narradores da literatura galega de todos os tempos é algo que non resulta en absoluto esaxerado. Orixinario da emblemática vila de Mondoñedo, as súas vivencias infantís e os seus soños están presentes en case todos os textos que escribiu. Escritor dotado dunha imaxinación se límites nin fronteiras, marcou un fito nas nosas letras coa creación de personaxes tan extraordinarios como Merlín ou o vello Sinbad, claros referentes da literatura galega do século XX.

A pegada das viaxes (Guías), de Francisco Fernández del Riego



París, Bordeos, Xénova, Roma, Monte Cassino, Amsterdam, Salamanca, Rio de Janeiro. *A pegada das viaxes* son as impresións persoais recibidas por Fernández del Riego durante demorados percorridos por terras ibéricas, europeas e suramericanas. Recordos,

8. HÉRCULES DE EDICIÓNS

Hércules de Edicións ten prevista a publicación do seguinte libro:

Paco del Riego. Un home irrepetible, de Blanca Roig Rechou

Biografía de Francisco Fernández del Riego que pertence á colección Unidades Didácticas das Letras Galegas, da que xa se publicou un volume no 2019 (Coñecendo a Antonio Fraguas) e outro no 2020 (De Carballo Calero a Carvalho Calero).

9. MEMORIA DOCUMENTAL DE GALICIA

Memoria Documental de Galicia elaborará unha publicación con fondos propios:

Francisco Fernández del Riego, lembranzas e reflexións, de Héitor Mella Herbello, fotografías de José Luís Abalo e vídeo de Xan Leira.

Publicación elaborada a partir dos fondos audiovisuais, fotográficos e hemerográficos de Memoria Documental de Galicia, con testemuñas de Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla, Luís Tobío, X. Alonso Montero, Avelino Pousa, Borobó, X. Fernández Albor, Luís Noia ou Xoán Martínez Castro.

10. REEDICIÓN DE *LUME ACESO*

A Xunta de Galicia, en colaboración coa Mesa Coordinadora D. Paco e co Concello de Lourenzá, reeditarán a publicación *Lume aceso*, biografía de Francisco Fernández del Riego da autoría de Manuel Román Ramos e Xosé López González que se editou no ano 2011 nos actos de homenaxe póstuma a D. Paco.

11. FOLLETO FOTOBIOGRÁFICO LETRAS GALEGAS 2023

A Mesa Coordinadora D. Paco e o Concello de Lourenzá, en colaboración coa Xunta de Galicia, realizará un folleto fotobiográfico conmemorativo das Letras Galegas 2023. Producirao Ouvirmos.

PROGRAMACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO

1. ACTIVIDADES DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)

Os *EDLG dos centros educativos galegos* elaboran recursos e organizan actividades variadas para dar a coñecer o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, a súa obra e o seu compromiso coa lingua. Calendarios, marcapáxinas, crebacabezas, presentacións, xincanas, exposicións, festivais, biografías para alumnado NEAE, brincaletras, pasapalabras, vídeos, podcasts, telexornais, cancións, videopoemas, obras de teatro ou certames son algunhas das propostas que se van desenvolver en colexios e institutos de toda Galicia.

O máis significativo do labor dos equipos arredor de Francisco Fernández del Riego publicarase no Portal da Lingua Galega (<http://www.lingua.gal/dia-letras-galegas>) para ser utilizado por outros centros ou servir de referente.

 Datas de realización: **xaneiro a decembro de 2023**

Destacan as iniciativas dos centros seguintes:

» **IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela**

Concurso de podcasts Xosé Mosquera Pérez, convocado polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e Arraianos Producións coa colaboración da Xunta de Galicia e outras entidades.

» **Seminario Galán**

Materiais didácticos e lúdicos sobre Francisco Fernández del Riego adaptados a todos os niveis educativos de educación infantil e primaria (unidades didácticas, biografía, lecturas, exercicios, pasatempos, carteis, marcapáxinas, ilustracións, fotografías, xogos interactivos, actividades para alumnado con NEAE etc.).

» **CPI dos Dices de Rois**

Telexornal Letras Galegas, programa de televisión realizado por alumnado de secundaria e dedicado a Francisco Fernández del Riego. O programa, coordinado polo profesor Luís Gómez Aldegunde, inclúe unha reportaxe sobre a vida e obra do autor e entrevistas a estudosos/as que afondarán na súa figura e legado.

» **CPR Escravas da Coruña**

Colección de podcasts de entrevistas sobre Francisco Fernández del Riego a persoas destacadas do panorama cultural galego e tamén doutros ámbitos. Incidirán en aspectos biográficos, literarios e no traballo en defensa da lingua do autor.

» **Escolas Católicas (Ferega)**

Actividades dos centros de Escolas Católicas nas catro provincias. Ademais da Festa da Lingua que se desenvolve en distintas localidades, destaca a Ruta das Letras Galegas e a ofrenda floral no Panteón de Galegos Ilustres e outras actuacións organizadas por EECC, nas que participarán os centros concertados integrados en Ferega.

» **Semana das Letras Galegas no Barco de Valdeorras**

Actividades dos EDLG dos centros educativos do Barco de Valdeorras para dar a coñecer a figura de Francisco Fernández del Riego, a súa obra e o seu compromiso coa lingua galega entre o estudantado de ensino non universitario.

Inclúe un dobre concurso fotográfico (nos centros educativos e nas redes do Centro Comercial Aberto, CCA) a partir da correspondencia epistolar do autor, que o alumnado traballará e decorará, exposicións nos establecementos do CCA e xincana literaria (percorrido polos negocios e asociación de cada traballo con aquel no que está exposto), colocación dunha rede en homenaxe a Del Riego, o «tecedor de redes», e escritor sobre a pesca en Galicia, na Semana das Letras Galegas.

» **Videoclip do CEIP O Carballal de Marín**

Videoclip sobre un poema musicado de Francisco Fernández del Riego realizados polo alumnado e o coordinador do EDLG do centro.

2. V CONCURSO DE PODCASTS RADIO NA BIBLIO

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto convocar o **Concurso de Podcast en colaboración coa CRTVG**, a través da dirección da Radio Galega (no contexto do PLAN LIA de Bibliotecas Escolares) e vinculada á celebración do Día das Letras Galegas.

Deste xeito e co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas de 2023 a Francisco Fernández del Riego, publicarase a convocatoria dun concurso de podcasts radiofónicos, destinado aos centros públicos integrados no programa Radio na Biblio, con extensión a outros centros de titularidade da consellería que traballan xa coa radio como ferramenta pedagóxica, co fin de estimular a valoración da lingua materna, o achegamento ao mundo da edición e do ensaio arredor da cultura galega no que destacou o autor homenaxeado.

 Datás: **Pendente da convocatoria.**

3. V CERTAME DE PODCASTS EN GALEGO XOSÉ MOSQUERA PÉREZ

IV Certame de Podcasts en Galego Xosé Mosquera Pérez, o Vello dos Contos, organizado polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, Arraianos Producións e o colectivo Ponte nas Ondas, coa colaboración da Xunta de Galicia e doutras entidades como o Museo do Pobo Galego, a Fundación Rosalía de Castro, Oral de Galicia, a EASD Mestre Mateo, a Radio Galega, a Real Academia Galega e o Parlamento de Galicia.

Dirixido ao alumnado de 10 a 18 anos (quinto de sexto de primaria) dos centros de ensino de educación primaria, de educación secundaria, doutros centros de ensino non universitario de Galicia e dos que imparten ensinanzas de réxime

 www.ovellodoscontos.gal

4. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO: LECTURA COMPARTIDA ENTRE CENTROS ESCOLARES

A Cidade da Cultura organiza un encontro entre centros escolares para compartir e intercambiar textos de Francisco Fernández del Riego. Convidará a dous centros escolares relacionados coa traxectoria vital de Francisco Fernández del Riego a que fagan unha escolma de textos, os intercambien e reflexionen sobre as novas lecturas. O encontro será animado e moderado por unha persoa do eido cultural que conecte co público máis novo.

 Datás: **entre o 8 e o 12 de maio de 2023**

 Lugar: **Museo Centro Gaiás**

PROGRAMACIÓN ACADÉMICA

1. SESIÓN PLENARIA DA REAL ACADEMIA GALEGA

A sesión plenaria extraordinaria e pública da RAG desenvolverase en Lourenzá e contará coas intervencións de tres membros de número que pronunciarán unha breve alocución sobre a vida e a obra de Francisco Fernández del Riego.

 Data de celebración: **17 de maio de 2023**

2. SIMPOSIO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

No mes de novembro terá lugar na sede da Real Academia Galega, co apoio da Xunta de Galicia, o simposio dedicado a Francisco Fernández del Riego no que se afondará, a través das disertacións de diversos especialistas, na personalidade e na obra literaria do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2023.

 Data de celebración: **novembro de 2023**

3. ACTO LITERARIO EN VIGO

No mes de abril, a RAG desenvolverá en Vigo un acto literario na honra de Francisco Fernández del Riego da man do Concello de Vigo e da Fundación Penzol, institución que celebra este ano o seu 60º aniversario e da que Francisco Fernández del Riego foi director durante corenta anos.

 Data de realización: **abril de 2023**

4. MESA REDONDA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA: DON PACO E O MUNDO DAS ARTES EN VIGO

O Consello da Cultura Galega organiza a mesa redonda con motivo da presentación do libro *Na espera do amigo*, sobre as relacións de Fernández del Riego co mundo artístico e cultural de Vigo.

 Datat: **maio de 2023**

 Lugar: **Vigo**

5. MESA REDONDA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA: FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E A GALICIA EMIGRANTE

O Consello da Cultura Galega organiza a mesa redonda sobre as relacións de Fernández del Riego coa emigración galega e o seu papel como colaborador nas publicacións da colectividade galega en América.

 Datas: **novembro de 2022**

 Lugar: **Lourenzá**

6. IX EDICIÓN DA XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

A IX edición da Xornada Anual de Formación do Día das Letras Galegas organízase a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en formato virtual-presencial, para dotar as e os docentes de recursos para difundir entre a comunidade educativa a figura da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2023.

Articularase en tres sesións en horario de tarde. A primeira hora de cada unha estará destinada a conferencias e relatorios de especialistas sobre a vida e obra do autor e a última á presentación de experiencias e materiais dos EDLG dos dous centros educativos, entre elas as exposicións e guías didácticas dos centros premiados no Concurso-Exposición das Letras Galegas 2023.

Destinatarios: profesorado de ensinanza non universitaria (primaria, secundaria, formación profesional, ensinanzas especiais)

 Datas: **20 e 27 de abril e 4 de maio de 2023**

 Inscripción: <https://www.edu.xunta.es/fprofe/>

7. ACADEMIA.GAL

Desde o inicio de 2023, a Real Academia Galega ten activada na súa páxina web (academia.gal) a sección das Letras Galegas 2023, desde a que ofrece propostas e iniciativas diversas con Francisco Fernández del Riego como protagonista.

Biografía

A páxina web da RAG ten activado desde o inicio de 2023 un espazo biográfico dedicado a Francisco Fernández del Riego asinado por Ramón Nicolás.



Datas: **xaneiro de 2023**



<https://academia.gal/letras-galegas/2023/francisco-fernandez-del-riego>

Tribuna

Víctor F. Freixanes asina a tribuna *Ano Fernández del Riego* dedicada a Francisco Fernández del Riego.



Data de inicio: **xaneiro de 2023**



<https://academia.gal/-/ano-fern-c3-a1ndez-del-riego?redirect=%2Ftribuna%2Ftodas>

Serie documental. Francisco Fernández del Riego

Serie documental web de seis capítulos que lle achegará ao público aspectos relacionados coa vida e a obra de Francisco Fernández del Riego a través do testemuño de diferentes persoas e material de arquivo. Emisión semanal a partir do mes de marzo.



Data de inicio: **marzo de 2023**

Primavera das Letras

Primavera das Letras é unha iniciativa da RAG que pretende fornecer os centros de ensino de infantil e primaria de propostas didácticas arredor do Día das Letras Galegas. O vindeiro 6 de marzo, a Academia presentará no CEIP Juan Rey de Lourenzá a nova edición do proxecto que ofrecerá unha biografía teatralizada de Fernández del Riego con textos de Eva Mejuto e ilustracións de Lucía Cobo.



Data de inicio: **6 marzo de 2023**



<https://primaveradasletras.gal/>

Concurso Contádenos o Voso Día das Letras

Coma en edicións anteriores porase en marcha o concurso Contádenos o Voso Día das Letras, aberto a todos os centros para que amosen como celebran o 17 de maio.

 Data de inicio: **marzo de 2023**

Portal das Palabras

A páxina web da RAG e da Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e de difusión da nosa lingua dedicará contidos centrados no universo vital e literario de Francisco Fernández del Riego a través das distintas seccións (Allos con bugallos, Mira que di, Setestrelo...).

 Data de inicio: **marzo de 2023**

 <https://portaldaspalabras.gal/>

8. SECCIÓN WEB DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA SOBRE AS LETRAS GALEGAS 2023

Sección especial na web do Consello da Cultura Galega que acubilla toda a información desenvolvida ou promovida polo CCG arredor da figura de Francisco Fernández del Riego. Inclúe información biográfica, audios, audiovisuais e outros materiais.

É de destacar a incorporación de fondos epistolarios de Fernández del Riego que se conservan no Consello da Cultura, así como o Cartafol de Prensa, coa publicación das súas colaboracións xornalísticas na prensa da emigración en América.

 <http://consellodacultura.gal/diadasletrasgalegas/2023/>

PROGRAMACIÓN DA CORPORACIÓN DA RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA (CRTVG)

A programación especial da CRTVG arredor da figura de Francisco Fernández del Riego con motivo do Día das Letras Galegas 2023 estenderase ao longo do mes de maio coa intención de divulgar e afondar na figura do homenaxeado e o seu labor intelectual como personaxe imprescindible do galeguismo, ensaísta, narrador e estudoso da literatura e da cultura galegas. O importante arquivo audiovisual da corporación sobre o autor é peza fundamental desta programación de contidos e fai posible a emisión da propia voz do escritor e de entrevistas con especialistas na súa obra, que se difundirán en televisión, radio e canles dixitais.

Televisión de Galicia

Nas datas arredor do 17 de maio, Televisión de Galicia emitirá, a partir de contidos do seu arquivo, tres entrevistas a Francisco Fernández del Riego: Galegos de honra, Pegadas na memoria e Entrevistas do Hostal. Son tres conversas longas co autor nas que el mesmo repasa a súa traxectoria e fala de distintos aspectos da súa vida.

TVG tamén programará a webserie da Real Academia Galega con seis capítulos que se inician nas terras de Lourenzá, onde naceu o autor, e abranguen as súas iniciativas políticas e culturais, como viviu a Guerra Civil e a posguerra, e o seu papel como dinamizador cultural.

Radio Galega

Na Semana das Letras, o espazo Diario cultural emitirá entrevistas diarias, nas súas dúas edicións de mañá e tarde, con académicos, familiares de Fernández del Riego, especialistas na súas obras de ensaio e narrativa, así como con editores e escritores. Tratarán estas conversas sobre a súa traxectoria, relevancia e sobre o pouso na actualidade do seu labor intelectual.

A recuperación de material do Arquivo Sonoro fai posible o uso de fragmentos de intervencións orais de Francisco Fernández del Riego en accións divulgativas que se complementarán tamén con cuñas promocionais ao longo da programación. Ademais, a Radio Galega colabora no certame de podcasts Radio na Biblio coa emisión dos oito podcasts gañadores nos programas da Radio Galega o 17 de maio e días posteriores.

Gala #DígochoEu' na véspera do 17 de maio

Na tarde do 16 de maio, a CRTVG celebrará na Cidade da Cultura a Gala #DígochoEu, na que este espazo divulgador da lingua galega entregará os II Premios DígochoEu, cun evento con actuacións musicais e a participación de rapazada de toda Galicia. Nesta segunda edición, os galardóns ampliáanse con tres premios na categoría de educación primaria, tres en secundaria, os Premios Unha Canción para Esther e un Premio Especial do xurado.

Eido dixital e campaña propia, #AcciónsG

No eido dixital, as webs e redes sociais da corporación, de G24.gal, da Radio Galega e de espazos concretos como Diario cultural implicaranse en divulgar información e a propia voz do autor e contribuirán a achegar a figura de Fernández del Riego fundamentalmente á cidadanía máis nova. Ademais, a CRTVG potenciará a celebración cunha #AcciónG de responsabilidade social corporativa, unha campaña institucional propia á que se sumará a emisión de cortiniñas.

Tamén se creará unha páxina específica dentro de diariocultural.gal para reunir toda a información e contidos culturais, unha ferramenta que será posta á disposición da cidadanía pensando moi especialmente no uso educativo destas pezas de radio e televisión. Incluírá, entre outros contidos, entrevistas e os podcasts gañadores do certame Radio na Biblio.

Cobertura do día 17 de maio en todas as canles

Os medios públicos farán un completo seguimento informativo dos actos conmemorativos que a RAG e a Xunta de Galicia desenvolverán en Lourenzá (Lugo), a vila natal do autor. Así, na TVG, ao remate do Telexornal mediodía, emitirase un ZigZag Especial Letras, dedicado á vida e obra de Fernández del Riego.

O mesmo día programarase o documental A nosa propia Galaxia, que aborda esta celebración desde a ollada dun grupo de rapaces novos que traballan na elaboración dun podcast sobre Fernández del Riego.

E no prime time deste día 17 estrearase a película Malencolía, de Alfonso Zarauza, cinta participada pola TVG que acadou en 2022 os premios Mestre Mateo de mellor interpretación de elenco para Iolanda Muíños e Diego Anido.

Na segunda canle, a G2 emitirá o Concerto Letras Galegas que prepara o Consello da Cultura Galega co protagonismo da Real Filharmonía de Galicia e que ten previsto interpretar algúns dos temas favoritos de Fernández del Riego. Así mesmo, todos os programas en directo da grella desta xornada prestarán atención á actualidade arredor da celebración do día.

Na Radio Galega, o Galicia por diante do día 17 mudará a súa estrutura habitual e sairá dos estudos para realizar a edición da mañá, xunto co Diario cultural, desde a vila de Lourenzá e seguir os actos conmemorativos. A emisora entrevistará alí o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, e diversos persoeiros participantes nos actos. Xa pola tarde, a Radio Galega, o programa Galicia por diante emitirá o monográfico Letras Galegas 2023. Francisco Fernández del Riego, realizado polo equipo do Diario cultural no que se debulla a vida e obra do homenaxeado.

PROGRAMACIÓN DOS CENTROS CULTURAIS DA XUNTA DE GALICIA

- » A **Biblioteca de Galicia** organiza unha actividade de teatro, *A viaxe feliz de Ramón Sanfiz* da compañía Fantoques Baj, o 13 de maio, representación arredor de Francisco Fernández del Riego.
- » A **Biblioteca Pública Miguel González Garcés da Coruña** acolle unha actividade de narración oral, *Unha viaxe vivida*, a cargo de Ramiro Neira, o 20 de maio, que achega a figura do homenaxeado a través dunha viaxe de peregrinaxe polo Camiño de Santiago. Vai dirixido ao público infantil de 5 a 12 anos.
- » A **Biblioteca Pública de Lugo** organiza un espectáculo de narración oral, *O loitador da Galaxia* de Raquel Queizás, o 19 de maio, unha homenaxe a Francisco Fernández del Riego. Destinado aos nenos e nenas a partir de 5 anos e público familiar.
- » A **Biblioteca Pública Nós de Ourense** programa un contacontos, *Unha viaxe vivida*, a cargo do artista Ramiro Neira, o 13 de maio. Tamén acolle o obradoiro Celebrando as Nosas Letras, impartido por Sabela Gago, o 20 de maio. Ambas as actividades están dirixidas a nenos e nenas entre 7 e 12 anos.
- » A **Biblioteca Pública Antonio Odriozola de Pontevedra** prepara un contacontos ilustrado e musicado, *Un día para as Letras: Pequena biografía ilustrada de Francisco Fernández del Riego*, a cargo de Polo Correo do Vento, o 19 de maio, que inclúe un pequeno obradoiro de debuxo da caricatura de Francisco Fernández del Riego.
- » A **Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago** programa un contacontos, *Aventuras no camiño don Francisco Fernández del Riego*, a cargo de Marisa Irimia, para homenaxear a figura das Letras Galegas 2023. Trátase dunha achega á obra de Francisco Fernández del Riego, a través de contos, onde se utilizarán os cinco sentidos para mergullarse na súa literatura de viaxes, vivindo mil e unha aventuras nunha máxica peregrinación a través do Camiño de Santiago. Terá lugar o 13 de maio e vai dirixido ao público infantil de 3 a 8 anos.
- » A **Biblioteca Pública Juan Compañel de Vigo** organiza dous contacontos e unha charla-coloquio. Os contacontos son *Don Paco, facedor de soños*, impartido por Soledad Felloza, o 13 de maio, e *Unha nova galaxia*, desenvolto por Trémola Teatro, o 16 de maio. A charla-coloquio ten o título «Vencello de D. Francisco Fernández del Riego: a influencia das letras foráneas na literatura galega» e será a cargo de Natalia Fernández Castro o 18 de maio.

- » O **Museo de Belas Artes da Coruña** programa visitas guiadas o 16 e 18 de maio pola colección permanente do museo nas que o protagonista é Francisco Fernández del Riego e os pintores cos que tivo amizade na súa vida (Seoane, Colmeiro e Laxeiro).
- » O **Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense** prepara a difusión dunha fotografía inédita do homenaxeado con 16 anos para subir ás redes sociais do museo. A imaxe forma parte do álbum fotográfico relacionado con M. Curros Enríquez e conta coa dedicatoria «Te dedica este humilde recuerdo en prueba del cariño que te profesa tu ahijado. Paco».
- » O **Museo do Castro de Viladonga** programa o propio Día das Letras Galegas unha lectura dramatizada con acompañamento musical de textos de Francisco Fernández del Riego.
- » O **Museo Pedagógico de Galicia** está a traballar nun proxecto expositivo, durante o mes de maio, en conmemoración do Día das Letras Galegas e no que se homenaxee a Francisco Fernández del Riego.

MÚSICA

1. CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS

Concerto da Real Filharmonía de Galicia, coa colaboración de Coro de Cámara Rías Baixas, organizado polo Consello da Cultura Galega, no que interpretarán diferentes composicións de músicos galegos, como Reveriano Soutullo e Jesús Bal y Gay, e se estreará a obra Sinfonietta, composta por Brais González como homenaxe a Francisco Fernández del Riego.

 Data: **16 de maio de 2023**

 Lugar: **Vigo. Teatro García Barbón**

Colabora: Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e Afundación

2. 41º EDICIÓN DO FESTILETRAS

A Fundación Eduardo Pondal organiza a 41º edición do festival de música galega Festiletras, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

 Data: **setembro de 2023**

 Lugar: **Ponteceso. Aldea do Couto**

3. MEMORIAL DEPORTIVO-MUSICAL

A Mesa Coordinadora D. Paco e o Concello de Lourenzá, en colaboración coa Deputación Provincial de Lugo, organizan un memorial deportivo-musical das Letras Galegas 2023. A xornada ten como obxectivo implicar a xuventude e realizar diversas actividades deportivas e musicais.

 Data: **22 e 23 de abril de 2023**

 Lugar: **Vilanova de Lourenzá**

PROGRAMACIÓN EXTERIOR

1. AS LETRAS GALEGAS NO MUNDO

A Rede de centros de estudos galegos e lectorados da Xunta de Galicia súmase, desde a programación impulsada polos 36 departamentos universitarios que a integran repartidos por América, Europa e Asia, ao labor de difusión da vida, figura e obra do autor homenaxeado polas Letras Galegas.

As letras galegas son homenaxeadas durante todo o ano, non só no mes de maio, a través de publicacións, investigacións que se difunden en seminarios, congresos, concertos de música tradicional e outros xéneros. Tamén promoven recitais de poesía, ciclos de cinema e programas como Convergencias Galicia-Portugal nos que se estreitan lazos co país veciño, así como exposicións sobre arte, cultura e mundo editorial de Galicia.

A maioría dos centros está a elaborar a programación anual.

As actividades das Letras no mes de maio de 2023 nos devanditos CEG, moitas en fase de programación, son as seguintes:

- » No **CEG de Zadar (Croacia)** desenvolverán un relatorio e un taller das Letras Galegas 2023. Dentro do ciclo de conferencias da semana das linguas ibéricas, está prevista unha exposición e un relatorio sobre Francisco Fernández del Riego, o autor homenaxeado polo Día das Letras Galegas 2023. A actividade será impartida polo responsable do CEG, Alejandro Martínez Vicente. E tamén un taller cultural co obxectivo de dar a coñecer o Día das Letras Galegas e do autor homenaxeado, onde haberá diversas actividades cos asistentes aínda sen concretar. A actividade será impartida polo responsable do CEG, Alejandro Martínez Vicente.
- » No **CEG de Madrid** programan a actividade *Francisco Fernández del Riego: vida e obra*, impartida pola profesora Dolores Vilavedra e o catedrático Henrique Monteagudo, o 19 de maio no Ateneo de Madrid. Abordarán cos asistentes os fitos máis importantes do homenaxeado, Francisco Fernández del Riego, para coa lingua e literatura galegas, salientando o labor que o escritor, político e editor dedicou á súa terra. No mesmo acto, tamén se presentará a revista *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, volume 25 da obra homónima. Así mesmo, procederase á lectura de poemas que se inclúen no apartado de creación.

- » No **CEG de Oxford (Reino Unido)** teñen previstas diversas actividades. A sesión de cinema co Galician Film Forum, o 19 de maio no Queen's College. O centro colaborará co Galician Film Forum para proxectar cinema galego e en galego na cidade inglesa, repetindo o éxito do curso pasado. Días antes do evento estará dispoñible unha ligazón de Eventbrite para inscribirse de xeito gratuito. O evento será publicitado nas canles de difusión internas da universidade e nas redes sociais do centro. E a exposición *Translating Contemporary Galician Poetry II*, do 15 ao 21 de maio. O alumnado participante no seminario *Translating Contemporary Galician Poetry* recitará os resultados do seu traballo nas rúas de Oxford, ao tempo que repartirá copias escritas dos poemas con información sobre os textos, a lingua e a cultura galegas na rúa. Os recitais serán gravados e publicados nas redes sociais do Centro. E a presentación do libro *A corrida lingüística: pequena memoria da codificación lingüística na Galiza entre 1970 e 1983*, de José João Rodrigues, o 18 de maio en Queen's College; será publicado por Através e centrarse nos aspectos máis relevantes dunha época de importante actividade lexislativa para a lingua e a cultura galegas. O autor do libro, José João Rodrigues, conversará co alumnado do centro inscrito na materia de Introducción á Cultura Galega sobre os procesos que consolidaron a actual estrutura institucional da autonomía no tocante á lingua e á cultura, sendo o Día das Letras Galegas unha efeméride importante desta estrutura.
- » Na **Cátedra de Cultura Galega da Universidade da Habana (Cuba)** realizarán a XVIII Xornada Letras Galegas, do 13 ao 18 de maio na Facultade de Artes e Letras da UH, no Museo Nacional de la Música, e no Palacio do Antigo Centro Galego da Habana. É unha actividade anual realizada pola cátedra para conmemorar o Día das Letras Galegas, onde se presentan diferentes contidos: resultados científicos do alumnado relacionados con temas das súas investigacións e traballos de clase, homenaxe a Francisco Fernández del Riego: que inclúe visualización de material sobre biografía e obra do autor, VI Certame de Microconto en galego, actividade virtual e presencial, «Pra Habana me vou», ruta das pegadas galegas pola cidade da Habana, xornada especial coas sociedades galegas de Cuba no salón do Antigo Palacio do Centro Galego da Habana, e a actuación do grupo Maghúa, como parte dun proxecto en parcería coa Federación de Sociedades Galegas de Cuba.
- » No **CEG de Lisboa (Portugal)** farán unha conferencia, «Unha achega a Francisco Fernández del Riego», o 13 de maio. Tratará sobre a figura de Fernández del Riego e será impartida por Irene Romeiro, veciña e coñecida do autor, que nos contará algunhas curiosidades da súa vida.

- » No **CEG de Niteroi (O Brasil)** organizan dúas actividades polo Día das Letras Galegas 2023, no Instituto de Letras da Universidade Federal Fluminense. As actividades desenvolveranse en horario de mañá e de tarde, con profesores convidados para abordar a vida e a obra de Francisco Fernández del Riego.
- » No **CEG do Algarve (Portugal)** preparan diversas iniciativas. Unha homenaxe a Fernández del Riego que consiste nunha conferencia en liña o 17 de maio. Nesta actividade, tanto a lectora da Universidade de Varsovia (Claudia Mariño) como a lectora do Algarve (Lucía Salceda) levarán a cabo unha conferencia sobre a figura de Fernández del Riego e a súa importancia en distintas áreas (aínda falta confirmar o tema de cada unha das conferencias). A véspera do Día das Letras Galegas, farán a actividade Abrindo Portas: Fernández del Riego, que consiste nun vídeo realizado con imaxes/fotografías feitas en Galicia, acompañado de música e fragmentos extraídos da obra do autor homenaxeado. Deste xeito, crearase un vídeo homenaxe á obra do autor que non só permitirá a difusión das súas verbas, senón que tamén nos axudará a compartir a beleza da xeografía galega. E con anterioridade, o 15 de maio, terá lugar a presentación nas redes de Quen foi Fernández del Riego? O obxectivo desta presentación é dar a coñecer a figura do autor, así como os aspectos máis interesantes das súas verbas.
- » No **CEG da UPV (Universidade do País Vasco)** teñen prevista unha conferencia Letras Galegas 2023. Francisco Fernández del Riego, o 3 de maio na Facultade de Letras da UPV. Conferencia sobre a figura homenaxeada, quen desempeñou un papel central na cultura galega dos séculos XX e XXI.
- » No **CEG de Alacante** desenvolverán a conferencia «Francisco Fernández del Riego e a Editorial Galaxia. Memoria dunha época», o 17 de maio na Facultade de Filosofía e Letras, Universidade de Alacant. O conferenciante será Francisco Xavier Carro Rosende e os contidos que impartirá versarán sobre Francisco Fernández del Riego e a súa contribución á cultura galega xunto aos fundadores da editorial Galaxia.
- » No **CEG da Universidade de Granada** preparan a Semana das Letras Galegas, do 15 ao 23 de maio. Realizaranse diferentes actividades por niveis:

E ti, coñeces a Fernández del Riego?, obradoiro para o estudantado de galego no que se fará un percorrido pola súa vida e obra. Xogamos coas Letras? Imos aló!, obradoiro no que se verá quen sabe máis sobre Galicia, literatura e cultura galega. E As Letras Galegas: desde 1963 ata hoxe, pequeno obradoiro aberto a calquera persoa universitaria que queira saber un pouco máis sobre o que son as Letras Galegas e os autores homenaxeados ata o momento.

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Letras Galegas 2023

- » No **CEG de São Paulo (O Brasil)** realizan un congreso, Francisco Fernández del Riego e o seu canon de literatura brasileira, do 15 ao 19 de maio, en liña. Conferencias en liña dentro dun conxunto das universidades do Brasil co gallo do Día das Letras Galegas (São Paulo, Salvador, Rio). Será un congreso en liña sobre temas de Galicia e do galego que conta coa colaboración de exalumnos e profesionais do mundo editorial galego e outras persoas convidadas.
- » No **CEG de Estremadura** presentarán unha conferencia telemática, «Francisco Fernández del Riego . Vida e obra dun obreiro do galeguismo», o 31 de marzo na Facultade de Filosofía e Letras, en Cáceres, a cargo do crítico e docente Ramón Nicolás arredor da figura de Francisco Fernández del Riego, a través da recente biografía que acaba de publicar o antedito.
- » No **CEG de Budapest (Hungría)** organizan a presentación do volume bilingüe (galego-húngaro) *Medre o mar / Dagadjon a tenger* de María do Cebreiro, o 17 de marzo. O Centro de Estudos Galegos de Budapest publicou en 2022 un volume bilingüe de poemas de María do Cebreiro, traducidos ao húngaro por Bálint Urbán. No programa falará o tradutor e os actuais alumnos de galego lerán poemas.

2. PROGRAMACIÓN NOS CENTROS DE REFERENCIA DA COLECTIVIDADE GALEGA NO EXTERIOR

A Secretaría Xeral da Emigración apoia a programación conmemorativa das Letras Galegas 2023 desde os centros de referencia da colectividade galega do exterior que se suman a ela con conferencias, romarías ou xuntanzas, concursos, exposicións, proxeccións audiovisuais, recitais e actuacións musicais. Con elas, conmemoran o 17 de maio ao longo de todo o ano para festexar a lingua e a cultura galegas e renderlle tributo, tamén desde a diáspora, a Francisco Fernández del Riego neste 2023.

FRANCISCO
FERNÁNDEZ
DEL RIEGO

Letras Galegas 2023



A actualización da programación estará accesible nas páxinas web



<https://www.cultura.gal>



<https://www.lingua.gal>

Agarimo



A FESTA DE TODA A NOSA CULTURA

Día das Letras Galegas

Morriña

Este ano facemos protagonista da
festa que el mesmo impulsou a
**FRANCISCO FERNÁNDEZ
DEL RIEGO**



Ruliña

